

NORMATIVA LIGA DE CATEGORÍA G3 DE NATACIÓN

Tempada 2006 - 2007 - Circular 06-20

1.- Organización, datas e sedes

1.1.- A liga galega categoría G3 celebrarase en seis xornadas: catro serán de carácter local, (1ª, 4ª, 5ª e 6ª) e dúas serán de carácter zonal (2ª y 3ª), agrupándose, en ambos casos, os clubs participantes atendendo a criterios de proximidade xeográfica. Para as xornadas zonais ver ANEXO.

1.2.- Cada xornada levará a cabo nunha sesión, que comezará ás 11:00 se é matinal e ás 17:30 se se celebra pola tarde.

1.3.- Polo menos unha hora antes do inicio de cada sesión, a piscina deberá estar a disposición dos nadadores para efectuar o quecemento.

1.5.- As sedes para as xornadas locais serán designadas pola Federación de acordo cos clubs e delegados federativos.

1.6.- As sedes para as xornadas zonais serán as aprobadas na Asemblea Xeral, previa petición por parte dos equipos.

1.7.- A competición celebrarase en piscinas de 25 ou 50 metros.

2.- Programa de probas

1ª XORNADA 01-1500 Libre M 02-800 Libre F 03-100 Bolboreta M 04-100 Bolboreta F 05-200 Costas M 06-200 Costas F 07-4x100 Libre M 08-4x100 Libre F	2ª XORNADA 09-400 Estilos indiv. M 10-400 Estilos indiv. F 11-100 Braza M 12-100 Braza F 13-200 Libre M 14-200 Libre F 15-4x50 Estilos M 16-4x50 Estilos F	3ª XORNADA 17-400 Libre M 18-400 Libre F 19-200 Braza M 20-200 Braza F 21-100 Costas M 22-100 Costas F 23-100 Estilos M 24-100 Estilos F 25-4x50 Libre M 26-4x50 Libre F
4ª XORNADA 27-200 Estilos indiv. M 28-200 Estilos indiv. F 29-200 Bolboreta M 30-200 Bolboreta F 31-100 Libre M 32-100 Libre F 33-4x100 Estilos Masculino 34-4x100 Estilos Feminino	5ª XORNADA 1.- 200 Libres M 2.- 200 Libres F 3.- 100 Bolboreta M 4.- 100 Bolboreta F 5.- 200 Costas M 6.- 200 Costas F 7.- 4x50 Braza M 8.- 4X50 Braza F	6ª XORNADA 1.- 200 Bolboreta M 2.- 200 Bolboreta F 3.- 100 Libre M 4.- 100 Libre F 5.- 200 Braza M 6.- 200 Braza F 7.- 4X50 Costas M 8.- 4X50 Costas F

3.- Participación

3.1.- O presente regulamento está destinado ás seguintes categorías:

Masculino: nados 1993-1994

Feminino: nadas 1993-1994

3.2.- Cada nadador poderá participar en dúas probas individuais e un relevo como máximo en cada xornada.

3.3.- Cada Club poderá inscribir o número de nadadores que desexe en cada proba, coas seguintes excepcións:

- Nas probas de 400 libres, 400 estilos e 800 libres, o número de series non poderá exceder de 4, e na proba de 1.500 o número de series non poderá exceder de 3.

- Se o número de nadadores inscritos fose superior ao número de nadadores admitidos, inscribíranse inicialmente os 4 nadadores con mellores marcas de cada Club, completándose o resto cos demais nadadores inscritos con mellores marcas acreditadas, independentemente do Club ao que pertencen.

3.4.- Cada Club poderá presentar os equipos de relevos que desexe en cada xornada.

4.- Inscripcións

4.1.- Realizaranse empregando a base de datos ou *planilla* correspondente á competición de que se trate e serán remitidas á Federación por correo electrónico (inscripciones@fegan.org). Xunto co devandito arquivo remitirase, no mesmo correo, a "acta de preinscripción" que o propio programa xera en formato pdf (preferible) ou word.

4.2.- As inscripciones deberán obrar en poder da Federación antes das 20:00 horas do martes anterior á celebración da xornada correspondente, sendo responsabilidade do Club que realiza a inscrición asegurarse da súa recepción.

5.- Fórmula de competición

5.1.- Todas as probas disputaranse contrarreloxo.

5.2.- A puntuación realizarase na sede da FEDGAN, a partir da clasificación xeral da liga. Nesta clasificación non se terán en conta a conversión dos resultados realizados en piscina de 50 metros.

5.3.- Para os efectos de puntuación só se terá en conta como máximo catro nadadores por club en cada proba individual e un equipo de relevos, con independencia dos que participasen.

5.4.- A puntuación nas probas individuais será: 27, 24, 22, 21, 20, 19, 18, 17, 16, 15, 14, 13, 12, 11, 10, 9, 8, 7, 6, 5, 4, 3, 2, 1.

5.5.- A puntuación nas probas individuais será: 54, 48, 44, 42, 40, 38, 36, 34, 32, 30, 28, 26, 24, 22, 20, 18, 16, 14, 12, 10, 8, 6, 4, 2

5.6.- No suposto de que un Club teña clasificados máis de catro nadadores na mesma proba só puntuarán os catro primeiros. Os clasificados despois non serán puntuados, adxudicándose a súa puntuación ao seguinte da clasificación que non sexa dese mesmo Club. Do mesmo modo, nas probas de relevos só se terá en conta para os efectos de puntuación un equipo por Club.

5.7.- Na proba de 4x50 m. costas todos os nadadores saíran dende dentro da auga.

6.- Clasificacións

6.1.- Unha vez reunidos todos os resultados de cada sede faranse as seguintes clasificacións:

a) Total masculina en probas individuais máis os relevos.

b) Total feminina en probas individuais máis os relevos.

c) Total conxunta, suma das anteriores. Para figurar nesta clasificación será necesario ter puntuado nalgunha proba individual ou de relevos.

6.2.- As clasificacións anteriores serán realizadas na FEDGAN, para o cal os Clubs organizadores deberán remitir os resultados de cada sede á Federación á maior brevidade posible, como máximo deberán estar na federación o martes seguinte á celebración da competición

6.3.- Os resultados remitiranse á FEDGAN a través de correo electrónico (resultados@fegan.org).

7.- Títulos e premios

7.1.- Entregarase un trofeo o club que conseguise a maior puntuación, atendendo á alínea c) do punto 6.1 sendo proclamado Campión da Liga Galega Categoría G3.

A Coruña, 21 de xullo de 2006

Anexo

AGRUPACIÓN DE CLUBS PARA AS XORNADAS ZONAIS DA LIGA G3			
TEMPADA 2006-2007			
4ª XORNADA			
Grupo 1	Grupo 2	Grupo 3	Grupo 4
CNCORUÑA	CNFERROL	CNGALAICO	RCNTVIGO
CMARINAF	FNCARBALLO	CNPOURENSE	CNRIVEIRA
ADNTNARON	CNASPONTES	CNLALÍN	CNPONTEVEDRA
CFVLUGO	CNCEDEIRA	CNMONFORTE	CNREDONDELA
CNARTEIXO	CNXOVE	CNMARÍN	CTCODESAL
CNALBATROS	CNSANTIAGO	GOLFINOSNCP	CNPONTEAREAS
CDELMAR	CDUSANTIAGO		CNPADRÓN
ADCXPORTAMINÁ			CNSALNÉS
CNARZUA			CNMOS
6ª XORNADA			
Grupo 1	Grupo 2	Grupo 3	Grupo 4
CNCORUÑA	FNCARBALLO	GOLFIÑOSNCP	CNPOURENSE
CNARTEIXO	CNSANTIAGO	CNREDONDELA	CNMONFORTE
CNALBATROS	CDUSANTIAGO	CTCODESAL	CFVLUGO
CDELMAR	CMARINAF	CNPONTEAREAS	CNLALÍN
CNFERROL	ADCXPORTAMINÁ	CNGALAICO	CNPONTEVEDRA
CNCEDEIRA	ADNTNARÓN	CNRIASBAIXAS	CNRIVEIRA
CNXOVE	CNASPONTES	CNMARIN	CNPADRÓN
	CNARZUA	RCNVIGO	CNSALNÉS
		CNMOS	